XOSE MANUEL PAZOS VARELA (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 01/07/2020
HASH: 6d7ae3633cdb3d7e662cf1407539c8b8

CONCELLO DE CANGAS.

ALCALDÍA.

REGRAS DE CONTROLAR O ACCESO RODADO ÁS PRAIAS DE CANGAS DURANTE O VERÁN DO ANO 2020.

Vista a resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a Fase III do plan para a transición cara a unha nova normalidade; no apartado 3.30 do Anexo, no seu punto 4° establécese *"Os concellos poderán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para iso poderán tamén establecer límites nos tempos de permanencia nelas; así como no acceso aos aparcamentos en prol de facilitar o control da capacidade das praias.*

Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitido por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai a ocupar cada usuario será de aproximadamente catro metros cadarados."

Con motivo da chegada do verán e con el a previsión de afluencia de bañistas aos areais do Municipio, cando nos estamos instalando aínda na chamada "nova realidade" que esixe a continuación das medidas preventivas e a implantación doutras contra o contaxio, para evitar rebrotes que poñan en perigo a saúde da nosa poboación e a das persoas que nos visitan, é polo que, desde o Concello de Cangas se acorda a adopción de medidas de restrición do tráfico ata as praias para tentar evitar, na medida do posible, aglomeracións de xente contraproducentes en todo caso e que mesmo poden chegar a ser perigosas.

Polo tato, acordamos restrinxir o tráfico de vehículos aos areais non urbanos do Municipio, sendo, polo demais, o acceso libre a todos eles por parte de calquera persoa sempre e cando se acceda a pé ou en bicicleta e se respecten as normas de seguridade, saúde e distancia social.

* O acceso rodado ás praias quedará, pois, restrinxido a persoas **residentes e autorizadas**, que se concretan en:

1.- Persoas empadroadas no Municipio con vehículo rexistrado nel, que non precisarán tarxeta de acceso.

2.- Persoas con primeira ou segunda residencia en calquera punto do Concello, que deberán solicitar unha tarxeta por cada vehículo non rexistrado en Cangas.

3.- Persoas aloxadas en establecementos hoteleiros, pisos ou casas de aluguer, ás que se lles estenderá unha tarxeta válida única e exclusivamente polo tempo que dure o aloxamento.

4.- Persoas usuarias de servizos de restauración nas zonas afectadas, ás que o establecemento lles estenderá unha tarxeta válida polo día ou días de uso do servizo

Cod. Validación: 7SZ9SP7NKJP9MQWGJQG9WXLZH | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

5.- Persoas que teñan propiedades de calquera tipo nas zonas afectadas, a quen non se lle impedirá o acceso rodado exclusivamente ás mesmas.

* As fincas destinadas a aparcamento na zona das praias verán limitada a súa capacidade a un máximo de 50 vehículos simultaneamente por cada unha delas, para evitar precisamente unha posible masificación non desexada, pero permitindo ao mesmo tempo o desenvolvemento soportable desa actividade.

Cangas, 28 de xuño de 2020

O Alcalde:

Xosé Manuel Pazos Varela.

Cod. Validación: 75Z9SP7NKJP9MQWGJQG9WXLZH | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2